



O concello de Barro reclámalle ao Sergas o mantemento do servizo de pediatría ao longo do verán.

O pleno da corporación aprobou a proposta dos grupos que forman o goberno municipal (Bng e Psoe), de dirixirse ao Sergas para reclamarlle que se manteña o servizo de pediatría no noso concello.

Con motivo das vacacións do persoal médico o servizo sanitario no centro de saúde de Barro vese moi mermado, xa que a consellería non contrata persoal substituto.

Esta situación obriga a que os nenos e nenas teñan que ser atendidos por un médico de medicina xeral, en lugar dun pediatra. Unha situación que se agrava máis se cabe xa que este médico ten que atender, á súa vez, tamén aos pacientes da outra consulta mentres o seu titular está de vacacións.

A atención sanitaria ten que manter a súa calidade ao longo de todo o ano, polo que non é aceptable que no verán se vexa mermada desta maneira.